



www.printo.it/pediatric-rheumatology/ES_GL/intro

Enfermidade de Kawasaki

Versión de 2016

3. VIDA COTIÁ

3.1 Como pode afectar a enfermidade á vida cotiá do neno e da súa familia?

Se a enfermidade non afecta o corazón, o neno e a familia adoitan levar unha vida normal. Aínda que a maioría dos nenos con enfermidade de Kawasaki recupéranse completamente, pode pasar un tempo antes de que o seu fillo deixe de sentirse canso e irritable.

3.2 Que ocorre coa escola?

Unha vez a enfermidade está ben controlada, o cal adoita suceder cando se utilizan os medicamentos dispoñibles na actualidade, e a fase aguda finalizou, o neno non debe ter ningún problema á hora de participar nas mesmas actividades que os seus compañeiros sans. A escola para os nenos é o que para os adultos o traballo: un lugar onde poden aprender a ser persoas independentes e produtivas. Os proxenitores e os mestres deben facer todo o posible para permitir que o neno participe nas actividades escolares dun modo normal, para que o neno teña éxito académico e para que os adultos e compañeiros o aprecien e acepten.

3.3 Que ocorre cos deportes?

Practicar deportes é un aspecto esencial da vida cotiá dun neno san. Un dos obxectivos do tratamento é permitir que os nenos leven unha vida normal na medida do posible e non se consideren diferentes aos seus compañeiros. Por tanto, os nenos que non desenvolveron afectación

cardíaca non terán ningunha restrición á hora de practicar deportes ou calquera outra actividade cotiá. Con todo, os nenos con aneurismas coronarios deben consultar a un cardiólogo pediátrico en referencia á súa participación en actividades de competición, especialmente durante a adolescencia.

3.4 Que ocorre coa dieta?

Non existen probas de que a dieta poida influír na enfermidade. En xeral, o neno debe seguir unha dieta equilibrada e normal para a súa idade. Para o neno en crecemento, recoméndase unha dieta saudable e equilibrada con suficientes proteínas, calcio e vitaminas. Debe evitarse comer en exceso nos pacientes que toman corticoesteroides porque estes fármacos poden aumentar o apetito.

3.5 Pode vacinarse o neno?

Tras o tratamento con Ig iv, deben pospoñerse as vacinas con virus vivos atenuados.

O médico decidirá que vacinas pode recibir o neno, considerando cada caso de forma individual. En xeral, as vacinas non parecen aumentar a actividade da enfermidade e non provocan acontecementos adversos graves nos pacientes con enfermidade de Kawasaki. As vacinas que non están formadas por organismos atenuados parecen ser seguras nos pacientes con enfermidade de Kawasaki, mesmo naqueles que reciben fármacos inmunodepresores, aínda que a maioría dos estudos son incapaces de avaliar completamente o dano pouco frecuente inducido polas vacinas.

O médico debe aconsellar os pacientes que reciben altas doses de inmunodepresores que, tras a vacinación, se midans as concentracións dos anticorpos específicos para os patóxenos.